



PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN “NUEVA NORMALIDAD” para as instalacións deportivas suxeitas a autorizacións de uso demanial por parte de entidades deportivas do Concello de Ferrol.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos.

Deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria. A obriga de uso de máscara será exixible salvo nos supostos previstos no artigo 6.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño.

Cabe destacar que o protocolo de actuación, é un documento vivo e que pode e debe ser modificado segundo a evolución da situación epidemiolóxica e as normativas que as diferentes administracións autonómicas ou estatais establezan en calquera momento.



Obrigas para todas as entidades deportivas

As entidades deportivas, como titulares económicas da actividade, serán as responsables do cumprimento das medidas hixiénico sanitarias entre os seus deportistas do seguinte modo:

1. Deberán presentar a través de mail a deportes@ferrol.es con copia a blamadrid@ferrol.es previo o inicio da actividade a distribución de quedas de adestramento con identificación dos deportistas e o adestradores/as responsables para cada unha de elas. En caso de modificación de calquera dos compoñentes do grupo deberá ser inmediatamente comunicado a Concellería de deportes. Recomendase a entidade levar un rexistro de asistencia para cada sesión.
2. Cada entidade deberá establecer protocolos de acollida nas instalacións entre os seus deportistas que garantan que éstos efectúan as accións hixiénico sanitarias pertinentes (desinfección de mans e calzado; uso da mascarilla; respectar os circuitos de mobilidade pola instalación...)
 - Os nenos/as accederán as instalacións deportivas cos seu adestrador/as ou a persoa que designe e identifique a entidade para tal fin.
 - Comprobarán que os nenos/as teñan a mascarilla correctamente colocada, pasen pola alfombra de desinfección de calzado e laven as mans con xel hidroalcohólico. A entidade poderá implantar calquera outra medida de control dos seus deportistas (toma de temperatura, cambio de calzado, etc...)
 - O acceso a instalación estará única e exclusivamente restrinxido a deportistas e técnicos da entidade. Os pais/nais ou acompañantes dos nenos/as non poderán permanecer na instalación deportiva mentres dure o adestramento.
 - Exceptúase no caso de usuarios do vestiario infantil da piscina de Caranza que deben ser acompañados en todo momento. Neste caso, os acompañantes acudiran con mascarilla e deberán abandonar a instalación unha vez cambiado o neno/a.
 - Os adestradores/as ou responsables do grupo, velarán polo cumprimento das normas da instalación, de uso dos vestiarios así como de axilizar os cambios dos nenos/as.

- Os adestradores/as ou responsables do grupo responsabilizaranse do estrito cumprimento das franxas horarias autorizadas tanto no acceso como na saída da instalación.
3. Cada entidade organizará as quendas de adestramento dentro dos horarios autorizados de acordo coa concellería para facilitar e coordinar as accións de limpeza e desinfección.
 4. A Entidade deberá respetar os aforos marcados nas diferentes zonas de uso das instalacións deportivas.
 5. Cada entidade responsabilizarase da desinfección do seu material e o uso de material por parte dos seus deportistas de forma segura. Recomendase a consulta dos protocolos básicos de actuación FISIOCOVID - Deporte Galego para a volta a actividade deportiva elaborados polas correspondentes federacións deportivas para establecer as accións de prevención durante a practica deportiva.
 6. A entidade deportiva informará a todos os axentes (pais/nais, deportistas; técnicos...) que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual.
 7. No caso de que un membro do staff, deportista, etc., teña sintomatoloxía do virus COVID- 19, deberá informar de xeito inmediato ao Servizo Galego de Saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade(<https://www.sergas.es/Saude-publica/Novocoronavirus-2019-nCoV?idioma=es>), así como poñelo en coñecemento da Concellería de deportes do concello de Ferrol.
 8. En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirarse do grupo e conducirse a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica.

Condicións de acceso ás instalacións:

- Obriga de cumprimento das medidas de hixiene e protección establecidas polas autoridades sanitarias contra o Covid-19, especialmente a distancia social e o uso de mascarilla, segundo as recomendacións das autoridades sanitarias.
 - Utilizarase a máscara durante o tempo de circulación entre espazos comúns nas instalacións, salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.
 - Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, utilizar máscara.
- Prohibición do acceso ás instalacións de calquera persoa que teña síntomas compatibles co Covid-19 ou estivera en contacto con persoas contaxiadas.
- Obriga de cumprimento de todas as indicacións establecidas de acceso, mobilidade, permanencia e saída das instalacións.
- Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
- As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
- Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberán limparse as mans cos hidroxeles que deberán estar dispoñibles nos espazos habilitados para o efecto.
- Non se permitirá a presenza de persoas alleas (incluídos pais, amigos, etc.) durante a celebración dos adestramentos.
- Tampouco se permitirá aos usuarios nin aos acompañantes permanecer nas zonas comúns das instalacións nin interiores nin exteriores (cristaleiras, vestíbulo interiores, ramplas ou vestíbulo exteriores das instalacións).
- Deberanse cumprir estritamente as franxas horarias autorizadas e seguir as indicacións do persoal da instalación.

Piscina Complexo Javier Gómez Noya

Aforo das instalacións

Aforo máximo do vaso: 10 usuarios/ calle

Aforo do vestiario masculino: 12 homes

Aforo do vestiario feminino: 12 mulleres

Aforo do vestiario infantil: 12 nenos/as

Xestión das solicitudes por parte das entidades

Para deportistas pertencentes aos clubs ou asociacións deportivas que teñen horarios autorizados polo Concello de Ferrol.

Cada entidade poderá utilizar os horarios ou numero de rúas autorizadas na convocatoria vixente (Autorización de uso demanial para a utilización da instalación deportiva Javier Gómez Noya).

Previo ao inicio da actividade, cada entidade enviará á Concellaría de Deportes (a través do seguinte mail deportes@ferrol.es con copia a blamadrid@ferrol.es) a proposta de horarios (fraxas de adestramento por rúas) e de usuarios (identificación dos mesmos) así como dos responsables de cada grupo en cada quenda de adestramento. Calquera modificación da mesma deberá ser notificada a Concellaría de deportes de forme inmediata. Non se permitirá, baixo ningún concepto, o acceso a usuarios que non foran correctamente notificados na medida anteriormente descrita.

Previo estudo da mesma, a concellería poderá propoñer axustes ou modificacións que axuden ao control de aforo durante a entrada e saída de usuarios e permanencia nos vestiarios ou á realización de tarefas de limpeza e desinfección da instalación.

A entidade deberá presentar o protocolo de acceso á instalación, responsables de aplicación do protocolo para cada grupo así como o de desinfección de material descrito no apartado Obrigas para todas as entidades deportivas.

Respectaranse os límites de aforo establecidos no apartado anterior tanto no acceso a lámina de auga como o aforo para cada un dos vestiarios.

Fóra dos horarios de adestramento non se poderá permanecer na instalación.

Normas e recomendacións por espazos en piscina

Uso de material

- O material non poderá deixarse na instalación.

- O material deberá ser desinfectado antes e despois de cada sesión de adestramento (por exemplo mediante inmersión nunha solución desinfectante ou pulverizándoo coa mesma).

Uso de praia da piscina

- Non se permitirá ningún tipo de actividade na praia da piscina nin nas bancadas.

Uso de vestiarios

- Recomendase unha distribución homoxénea (homes e mulleres) en cando a elaboración dos quendas por parte das entidades deportivas.
- Así mesmo terase en conta o aforo do vestiario infantil, o uso por parte de nenos/as con acompañantes que deberán vir provisto de mascarilla en todo momento e abandonar a instalación unha vez cambiado ao neno/a.
- Estableceranse circuítos de uso dos vestiarios **para a piscina**.
 - O usuario accede ao vestiario e ocupa unha das prazas marcadas. Unha vez cambiado, colle a súa mochila que deberá depositar na “consigna” habilitada para tal fin no pasillo de acceso ao vaso.
 - Unha vez finalizado a súa sesión de adestramento, recollerá a súa mochila da “ consigna” e poderá acceder de novo ao vestiario.
 - No caso dos vestiarios infantís os pais/nais ou acompañantes dos menores deberán levar consigo a súa mochila, non podendo ésta permanecer no recinto mentres o neno/a permaneza no vaso.



Instalacións deportivas. Instalacións obxecto de autorización de uso demanial por parte do Concello de Ferrol.

Instalacións deportivas de interior:

Pista polideportiva do Complexo Javier Gómez Noya
Pista polideportiva do Pavillón do Ensanche
Pista polideportiva do Pavillón de Esteiro
Pista polideportiva de A Malata
Pista Polideportiva Da casa do deporte
Pistas polideportivas de FIMO.
Modulo cuberto de Atletismo

Instalacións deportivas ao aire libre:

Pistas de Atletismo
Pistas de tenis e pádel
Campo de Rugby

Aforo das instalacións

Grupos de ata **vinte e cinco persoas**, sen contacto físico por pista.

Aforos de vestiarios das pistas polideportivas:

- Pavillón do Ensanche, e Esteiro: 6 persoas/ vestiario
- Pavillón da Malata: 12 persoas /vestiario
- Pavillón Complexo Javier Gómez Noya: 8 persoas / vestiario
- Pavillón da casa do deporte: 4 personas/ vestiarios

Aforos dos vestiarios exteriores:

- Vestiario masculino exterior malata: 6 persoas
- Vestiario feminino exterior malata: 6 persoas

Xestión das solicitudes por parte das entidades

Para deportistas pertencentes aos clubs ou asociacións deportivas que teñen horarios autorizados polo Concello de Ferrol.

Cada entidade poderá utilizar os horarios e pistas autorizadas na convocatoria vixente (autorizacións demaniais para a utilización das instalacións deportivas municipais e pistas escolares durante a tempada 2018-2019) ou

autorizacións demaniais para a utilización das instalacións deportivas municipais e pistas escolares durante a tempada 2019/2020 e 2020/2021 no momento da súa resolución.

Previo ao inicio da actividade, cada entidade enviará á Concellería de Deportes (a través do seguinte mail deportes@ferrol.es con copia a blamadrid@ferrol.es a proposta de horarios (fraxas de adestramento) e de usuarios (identificación dos mesmos) así como dos responsables de cada grupo en cada quenda de adestramento. Calquera modificación da mesma deberá ser notificada a Concellaría de deportes de forme inmediata. Non se permitirá, baixo ningún concepto, o acceso a usuarios que non foran correctamente notificados na medida anteriormente descrita.

Previo estudo da mesma, a concellería poderá propoñer axustes ou modificacións que axuden ao control de aforo durante a entrada e saída de usuarios e permanencia nos vestiarios ou á realización de tarefas de limpeza e desinfección da instalación.

A entidade deberá presentar o protocolo de acceso á instalación, responsables de aplicación do protocolo para cada grupo así como o de desinfección de material descrito no apartado Obrigas para todas as entidades deportivas.

Fóra dos horarios de adestramento non se poderá permanecer na instalación.

En caso de non asistir en máis de dúas ocasións á hora de adestramento reservada, perderase o dereito a efectuar máis reservas.

No caso das pistas de atletismo, as solicitudes efectuarante prioritariamente en horario de tarde.

Xestión das solicitudes de pista de atletismo por parte de deportistas federados en posesión do carnet de acceso e opositores

- Deportistas con carnet de acceso a temporada 2019/2020 e ao corrente de pago da correspondente taxa.
- Poderán acceder libremente en horario de luns a venres pola mañá e nos horarios marcados como libres nas tardes e na fin de semana ata completar o aforo.
- É obrigatorio a presentación do carnet de uso das pistas para poder acceder.

Normas e recomendacións por espazos

Uso de material

- O material non poderá deixarse na instalación.
- O material deberá ser desinfectado antes e despois de cada sesión de adestramento (por exemplo mediante inmersión nunha solución desinfectante ou pulverizándoo coa mesma).

Uso de zonas de saltos

- O uso das zonas de saltos deberá ser comunicada con unha antelación mínima de 24 horas a concellería por escrito aos seguintes correos deportes@ferrol.es con copia a cgonzalezg@ferrol.es
- Habilitarase un so foso de saltos horizontais , que poderá ser usado de un en un, mantendo a distancia mínima de seguridade.

- Recomendase o suo de forma individual das zonas e colchonetas de salto de altura e pértiga. A entidade deberá proceder a súa desinfección (colchoneta, listóns utilizados despois do seu uso)

Uso de vestiarios

- A entidade respectará o aforo de uso dos vestiarios en cada franxa de adestramento.
 - En caso de que os asistentes ao adestramento fosen un número maior o aforo do vestiario a entidade establecerá o protocolo ou prioridade de uso do mesmo entre os seus deportistas.
 - En caso de que a entidade decida non facer uso do vestiario, deberá poñelo en coñecemento da concellería de deportes.
- Asignaralle (en caso de ser posible) a cada entidade un vestiario para todas as quendas de adestramento.
 - O usuario accede ao vestiario e ocupa unha das prazas marcadas. Unha vez cambiado, colle a súa mochila que deberá depositar na “consigna” habilitada para tal fin no dentro do propio vestiario ou nos paseillos de acceso á pista dependendo da instalación. Procederase a desinfección do posto ocupado no vestiario.
 - Unha vez finalizado a súa sesión de adestramento, recollerá a súa mochila da “ consigna” e poderá acceder de novo ao vestiario. Procederase a desinfección da “ consigna”.

Uso de oficinas e outros espazos.

A entidade beneficiaria do uso de oficinas e outros espazos (ximnacios, almacens, etc...) deberán seguir as seguintes obrigas:

- As entidades deportivas beneficiarias serán as responsables da xestión dos protocolos de limpeza, desinfección, control de aforo e prevención do COVID nestes espazos dando cumprimento á correspondente normativa sanitaria.
- Sempre que sexa posible deberase acceder as oficinas ou espazos dende o exterior, sen acceder áo interior da instalación onde se atopan.
- Recomendase as entidades deportivas establecer cita previa para a atención ao público

Eventos deportivos e competicións

As entidades deportivas, no momento de solicitude ou autorización do evento deportivo, deberán aportar a maiores da documentación recollida nas *Bases das autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol para a tempada 2019-2020 ata a resolución do procedemento da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol. tempadas 2019 / 2020 e 2020 / 2021:*

- **Protocolo específico no ámbito do COVID-19**, que será trasladado á autoridade competente e que deberá ser comunicado aos seus participantes. Deberán incluírse no dito protocolo as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal con e entre os espectadores ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara por parte destes.
- Recomendase a consulta dos protocolos básicos de actuación FISIOCOVID - Deporte Galego para a volta a actividade deportiva elaborados polas correspondentes federacións deportivas para establecer as accións de prevención durante a practica deportiva e competición.